

Os grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdG-PSOE e Partido Popular presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 70 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (1948-2018)

O 10 de decembro de 1948 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Un documento histórico e de plena vixencia que proclamou os dereitos inalienables inherentes a todos os seres humanos, sen importar a súa raza, color, relixión, orientación sexual, idioma, opinións políticas ou de outra índole, lugar de nacemento, propiedades, orixe social ou calquera outra condición.

Estes dereitos fundamentais, como son a liberdade, a xustiza, a seguridade, a educación, a vivenda, a asistencia sanitaria, a igualdade ante a lei, entre outros, deben ser protexidos polos Estados, garantes do cumprimento da lei nos seus territorios.

Nestes principios do S.XXI o mundo unha vez máis está a vivir a guerra, a fame, a violencia, a inseguridade,.. e a resposta non pode ser outra que a aplicación universal dos Dereitos Humanos. As actitudes e lexislacións dalgúns Estados están moi lonxe do respecto a estes dereitos fundamentais, por iso é imprescindible seguir a reivindicar a vixencia desta Declaración 70 anos despois da súa aprobación.

Nos últimos anos estamos a ver como se vulneran a cotío os dereitos das persoas vulnerables, á igualdade, á liberdade, a saír do propio país e poder regresar, á educación, á vivenda, á asistencia sanitaria, á liberdade de pensamento e de conciencia,... As imaxes golpean cada día as nosas consciencias dende as praias do Mar Mediterráneo, pero tamén dende a fronteira de México con Estados Unidos, dende Siria, nos campos de persoas refuxiadas de Grecia, Kenia, Xordania ou Pakistán.

As persoas que foxen da fame, da violencia, da opresión política, da tortura, da guerra, non é que busquen un futuro mellor, é que buscan un futuro. E ante esta situación os Estados constrúen muros para non deixalas pasar, e cando conseguen entrar o trato co que se atopan é contrario ao que a Declaración de Dereitos Humanos defende. Atópanse con políticas agresivas, sen permisos de residencia, sen dereito á vivenda, á educación, ao traballo, aos dereitos básicos para que unha persoa poda desenvolver a súa vida con dignidade.

Por iso queremos facer fincapé no compromiso da corporación coa vixencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanos neste 70 aniversario da súa promulgación, e animamos a todos os Concellos da provincia da Coruña á celebración deste día e na promoción máxima deste documento, probablemente o máis influente do S.XX, sobre todo entre a mocidade, para que a fagan súa e esixan ás institucións públicas a que a cumpran.

O Voceiro do Grupo Provincial
PARTIDO POPULAR

Asdo.: Agustín Hernández Fernández de
Rojas

O Voceiro do Grupo Provincial BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO

Asdo.: Xosé Regueira Varela

O Voceiro do Grupo Provincial
COMPOSTELA ABERTA

Asdo.: Manuel Dios Diz

O Voceiro do Grupo Provincial PARTIDO
SOCIALISTA DE GALICIA- PSOE

Asdo.: Bernardo Fernández Piñeiro

O Voceiro do Grupo Provincial MAREA
ATLÁNTICA

Asdo.: Daniel Díaz Grandío

O Voceiro do Grupo Provincial
ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Asdo.: Ángel García Seoane